



Memoria económica e de transparencia do Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concello de Boborás para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro de "Actuacións de integración paisaxística e mellora funcional de forno, fonte, contorna e conxunto de hórreos no Regueiro de Abaixo" dentro da categoría de Promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca, mediante tramitación anticipada de gasto.

Expediente: CNV26-01

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (*DOG* núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (*DOG* núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.





- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia, no marco das súas competencias e accións estratéxicas, ven apoiando mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por concorrer nelas características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectosenslleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certifica_dosenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

A Axencia e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación da oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.





- **Interese público e social:** O 3 de decembro de 2025 o concello de Boborás presentou unha solicitude de convenio a esta Axencia para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca". Xunto coa solicitude achegou un proxecto para realizar a recuperación dun forno existente en estado ruinoso, a rehabilitación de cinco hórreos, con distinto estado de conservación, a modificación dunha fonte e o tratamento da contorna próxima a estes elementos no lugar de O Regueiro de Abaixo.

Con esta intervención preténdese revalorizar unha zona deteriorada e recuperar elementos con valor etnográfico para o uso sociocultural.

Ao rehabilitar o forno e dotalo de auga, subministro eléctrico e conexión co saneamento, poderá volver a utilizarse dándoselle a oportunidade á veciñanza de recuperar o servizo que prestaba ou poder utilizalo para distintas actividades sociais.

A actuación na contorna pretende mellorar funcionalmente a zona próxima ao forno, a ocupada polo lavadoiro que se vai a derrubar. Dotar dunha pequena chaira horizontal (de superficie similar á que ocupa o lavadoiro), para usos varios dos veciños como poden ser reunións grupais, charlas, eventos gastronómicos, etc. Preténdese, ademais, a integración paisaxística e mellora da accesibilidade na zona e a súa funcionalidade coa obtención de sombra nos meses estivais mediante a plantación de arboredo, en beneficio de toda a comunidade.

O obxectivo xeral nas actuacións dos hórreos é a de recuperar a identidade cultural como fitos da arquitectura rural galega.

- **Singularidade e excepcionalidade:** a singularidade do proxecto presentado polo concello para a recuperación do forno, hórreos e fonte xustifícase en que nos atopamos ante un conxunto de elementos con valor patrimonial e etnográfico que son un reflexo da riqueza cultural e que conecta territorios.

Así mesmo, de acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación, dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo concello de Boborás para a recuperación dun forno, rehabilitación de cinco hórreos, remodelación dunha fonte e mellora da contorna paisaxística destes elementos, destaca por ser un proxecto onde se pretende levar a acabo actuacións para a reparación dun espazo necesario para seguir mantendo a conexión entre os territorios do rural e da poboación. Ademais debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través dun convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan.

O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:





A) Promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, ou por teren un marcado significado histórico para a comarca na que se sitúan, por pertencer a correntes artísticas recoñecidas, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características tradicionais, priorizando o seu uso tradicional.

TERCEIRO.- Financiamento

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Boborás queren asinar un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto referenciado a continuación:

- PROXECTO "Actuacións de integración paisaxística e mellora funcional de hórreo, fonte, entorno e conxunto de hórreos en O Regueiro de Abaixo".
- ORZAMENTO: Oitenta mil novecentos oitenta e seis euros con noventa e seis céntimos (80.986,96 €).
- FINANCIAMENTO:

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	80%	64.789,57 €
Concello de Boborás:	20%	16.197,39 €
TOTAL	100%	80.986,96 €

A contribución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 2026 15.A1.712A.760.0 (Código proxecto 2017 00003. Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural).

- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

- Vixencia: O convenio estenderá a súa vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2026, data máxima para executar e xustificar as actuacións incluídas no proxecto "Actuacións de integración paisaxística e mellora





funcional de hórreo, fonte, entorno e conxunto de hórreos en O Regueiro de Abaixo". Serán elixibles os gastos vinculados á execución deste proxecto causados desde o 1 de xaneiro de 2026.

Este expediente tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

- Orzamento xeral

Capítulo	Resumen	Importe
1	Actuacións previas	155,40 €
2	Reforma forno	14.548,55 €
3	Fonte-Lavadoiro	5.474,70 €
4	Actuación contorna	8.444,09 €
5	Hórreos	21.501,75 €
6	Instalacións	5.531,10 €
7	Xestión de residuos	589,26 €
Orzamento de execución material		56.244,85 €
13,00% Gastos xerais		7.311,83 €
6,00 % Beneficio industrial		3.374,69 €
Base Impoñible		66.931,37 €
21 % IVE		14.055,59 €
Orzamento total		80.989,96 €

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
- Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo c previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para tramitar este convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000,00 € que deba concertar a Axencia para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Axencia, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección





Xeral (apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da axencia do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 -DOG nº 148, do 5.8.2013-).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O subdirector de Planificación e Dinamización do Medio Rural
Bruno Fernández González.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento
Rural
M^a Paz Rodríguez Rivera

